

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente. Sec. de Promoción e Desenv. Turístico

Resolución número 2015/2343 de concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO027A: subvencións de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras para actividades 2015

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

ANUNCIO

Resolución número 2015/2343 de concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO027A: Convocatoria do programa de subvencións de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña para actividades durante o ano 2015

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FO027A: Convocatoria do programa de subvencións de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña para actividades durante o ano 2015

Don DIEGO CALVO POUISO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Primeiro.—Por resolución da Presidencia n.º 20.616 do 16/10/2014 aprobáronse as Bases Reguladoras Xerais das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades desta Deputación para o ano 2015 e por resolución n.º 20.839 do 20/10/2014 foi aprobada a convocatoria do Programa FO027A: Convocatoria do programa de subvencións de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras da provincia da Coruña para actividades durante o ano 2015

A dita convocatoria foi publicada no BOP n.º 205 do 27/10/2014 e o prazo de presentación de solicitudes finalizou o día 20 de novembro de 2014, ás 14.00 horas.

Segundo.—De acordo coa base 8 das Bases reguladoras Xerais, por resolución n.º 60 do 14/01/2015 designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa reunión o día 6 de febreiro de 2015.

Terceiro.—A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e, agás as non admitidas, cumpren cos requisitos establecidos nela.

Cuarto.—Na partida orzamentaria 0510/415/481 do orzamento xeral desta Deputación para o exercicio 2015, existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das subvencións propostas.

Quinto.—Constan no expediente os informes da Unidade Xestora do Programa e do Servizo de Fiscalización.

Vistos os antecedentes sinalados, así como as disposicións legais de aplicación,

RESOLVO:

1.—Conceder provisionalmente as subvencións ás entidades que se relacionan no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0510/415/481, sendo o importe total proposto de 527.773,92 €.

2.—Autorizar a todas as entidades que o solicitaron para que poidan contratar máis do 50% da actividade subvencionada e/ou concertar a execución total ou parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade.

3.—Publicar a presente resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 59.6.b) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A título informativo, publicar esta resolución no taboleiro de edictos e na páxina web da Deputación.

4.—Abrir un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes poidan comunicar, se é o caso, o desestimento da solicitude, presentar solicitude de reformulación ou de cambio de obxecto da subvención, presentar alegacións ou presentar emenda

de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formule desestimento expreso, a subvención considerárase aceptada tácitamente.

5.–A presente resolución provisional non xera dereito ningún a favor dos beneficiarios propostos. Só a publicación da resolución definitiva xerará estes dereitos.

A Coruña, 12 de febreiro de 2015.

O Presidente

O Secretario

Diego Calvo Pouso

José Luis Almau Supervía

F0027A: convocatoria do programa de subvencións de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores da provincia da Coruña para actividades durante o ano 2015

ANEXO 2.–Concedidas provisionalmente

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: AGRUPACION DE MARISCADORAS DO ESTEIRO DO ANLLONS NIF: G15234727 Cod. Exp.:2014990002704 Obxecto: Axudas para a vixilancia das autorizacións marisqueiras da Agrupación de Mariscadoras "Río Anllóns"	15.572,62 €	0,3492	44.595,13 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE CAMARIÑAS NIF: G15033103 Cod. Exp.:2014990003935 Obxecto: AXUDAS PERSOAL CONFRARIA CAMARIÑAS	30.000,00 €	0,4000	75.000,00 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE CAMELLE NIF: G15338593 Cod. Exp.:2014990003472 Obxecto: ACCIÓNS PARA IMPULSO DO FOMENTO PESQUEIRO EN CAMELLE : PERSOAL E GASTOS DE FUNDACIONAMENTO DA CONFRARÍA	27.263,49 €	0,7000	38.947,84 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE CORME NIF: G15031503 Cod. Exp.:2014990003206 Obxecto: AXUDA CONTRATACIÓN PERSONAL XESTIÓN PRESTACIÓN DE SERVIZOS	6.023,88 €	0,6999	8.606,77 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE FERROL NIF: G15035116 Cod. Exp.:2014990003890 Obxecto: GASTOS DE PERSOAL (CUSTO DA EMPRESA)	23.074,99 €	0,4000	57.687,48 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE LA CORUÑA NIF: G15036031 Cod. Exp.:2014990004205 Obxecto: AXUDAS PARA PERSOAL ADMINISTRATIVO E DE VIXILANCIA	28.000,00 €	0,7000	40.000,00 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE LAXE NIF: G15070360 Cod. Exp.:2014990002268 Obxecto: GASTOS DE PERSOAL DA CONFRARIA DE PESCADORES DE LAXE	24.847,60 €	0,7000	35.496,57 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE MALPICA NIF: G15031511 Cod. Exp.:2014990003808 Obxecto: AXUDA PARA CUBRIR GASTOS DO PERSOAL CONTRATADO	29.991,02 €	0,4021	74.585,97 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE MIÑO NIF: G15035306 Cod. Exp.:2014990004223 Obxecto: CONTRATACIÓN DUN ADMINISTRATIVO PARA O PERÍODO DE XANEIRO-DECEMBRO DO ANO 2015	12.600,00 €	0,7000	18.000,00 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE MUROS NIF: G15038508 Cod. Exp.:2014990002041 Obxecto: COMERCIALIZACIÓN DOS RECURSOS PESQUEIROS E MARISQUEIROS E DEFENSA DOS INTERESES PROFESIONAIS E ORIENTACIÓN DA NORMATIVA PESQUEIRA AOS AFILIADOS	30.000,00 €	0,4000	75.000,00 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES DE SADA NIF: G15036544 Cod. Exp.:2014990002710 Obxecto: Solicitude de subvención para cubrir parte dos gastos do persoal da confraría	29.981,59 €	0,6404	46.816,97 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES NTRA.SRA.DE LAS ARENAS NIF: G15035363 Cod. Exp.:2014990002503 Obxecto: MELLORA NA ACTIVIDADE FUNCIONAL DIARIA DA CONFRARÍA E DA LONXA DE FISTERRA.	13.993,75 €	0,2000	69.968,75 €
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DE LA BARCA NIF: G15033913 Cod. Exp.:2014990002307 Obxecto: GASTOS PERSOAL CONFRARIA	29.975,36 €	0,5655	53.006,83 €

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DEL CARMEN DE PONTEDEUME NIF: G15036742 Cod. Exp.:2014990002802 Obxecto: DIFERENZA GASTOS CONTRATACION GARDA PESCAS CONFRARIA	8.862,01 €	0,7000	12.660,01 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES DE CABO CRUZ NIF: G15043953 Cod. Exp.:2014990002809 Obxecto: Axudas para a Vixilancia das Autorizacións marisqueiras e o Persoal das Confrarías	29.971,20 €	0,4464	67.139,78 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES DE CORCUBION NIF: G15047707 Cod. Exp.:2014990002957 Obxecto: AXUDAS O PERSOAL DAS CONFRARIAS	20.873,16 €	0,7000	29.818,80 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES DE PALMEIRA NIF: G15140320 Cod. Exp.:2014990004386 Obxecto: axudas ó persoal de confradías 2015	11.514,38 €	0,7000	16.449,11 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES NTRA.SRA.CARMEN ORTIGUEIRA NIF: G15028103 Cod. Exp.:2014990003054 Obxecto: SUBVENCIONAR PARTE DOS GASTOS DE PERSOAL DERIVADOS DA LONXA, FÁBRICA DE XEO E OFICINAS DA COFRADIA	22.530,85 €	0,4000	56.327,13 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES O PINDO NIF: G15038524 Cod. Exp.:2014990002264 Obxecto: Axuda para a coordinación e execución das actividades que leva a cabo a Confraría de Pescadores do Pindo.	21.000,00 €	0,7000	30.000,00 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES SAN ANDRES NIF: G15034887 Cod. Exp.:2014990003674 Obxecto: AXUDAS A SUFRAGAR PARTE DO GASTO DE PERSOAL DA CONFRARIA DE PESCADORES DE PORTOSIN	30.000,00 €	0,4000	75.000,00 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES SAN BARTOLOME DE NOIA NIF: G15030844 Cod. Exp.:2014990002161 Obxecto: AXUDAS PARA A VIXILANCIA DAS AUTORIZACIÓNS E O PERSOAL DAS CONFRARÍAS	24.500,00 €	0,7000	35.000,00 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES SAN TELMO DE MUGARDOS NIF: G15035108 Cod. Exp.:2014990003538 Obxecto: SALARIO DUN ADMINISTRATIVO	12.778,50 €	0,7000	18.255,00 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES SAN TELMO PORTO DO SON NIF: G15034945 Cod. Exp.:2014990002247 Obxecto: CONTRATACIÓN DE DOUS GARDAPESCAS MARÍTIMOS PARA VIXILANCIA	14.459,52 €	0,4439	32.573,82 €
Beneficiario: COFRADIA PESCADORES SANTIAGO APOSTOL NIF: G15033186 Cod. Exp.:2014990002811 Obxecto: ACTIVIDADES DE OFICINA NA CONFRARÍA DE BARALLOBRE	29.960,00 €	0,7000	42.800,00 €

Total concedido: 527.773,92 €

2015/1642